



**ACTA Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO "REFORMA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAXIELES".**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro Delegado de Promoción Económica).
- D^a. M^a Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 10:25 horas.

HORA DE REMATE: 11:00 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **28 de febreiro de 2018**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato de obra "Reforma e acondicionamento da Rúa Laxieles" (cláusula 19^a do Prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

PRIMEIRO.- Cualificación da documentación achegada polos licitadores que foron requiridos para a subsanación de erros ou omisións na documentación presentada no sobre nº 1 ("Documentación").

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello dá conta da remisión aos empresarios que se indican dos requirimentos para a subsanación dos erros e omisións advertidos nos sobres "nº 1" das súas proposicións e do cumprimento, no seu caso, do requirimento:

a) EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.:

- Recepción do requirimento: 26/02/2018.
- Presentación de documentación: 28/02/2018. Alega que non puideron acceder ao contido do requirimento enviado por fax ata esa mesma data.

b) MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.:

- Recepción do requirimento: 26/02/2018.
- Presentación de documentación: 27/02/2018.

c) OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.:

- Recepción do requirimento: 26/02/2018.
- Presentación de documentación: 27/02/2018.

Pola Secretaría do concello solicitouse telefonicamente ao empresario EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L. aclaración sobre a imposibilidade de acceder ao requirimento enviado, indicando o empresario que o sistema de fax do que dispoñen almacena as comunicacións recibidas nun equipo informático, non accedendo ao se contido ata a mañá do 27/02/2018.

Tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Admitir ao procedemento aos empresarios MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L. e OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.

Segundo.- Excluir do procedemento ao empresario EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L. por non subsanado os erros ou omisións advertidos no sobre "nº 1" (Documentación) da súa proposición no prazo outorgado, posto que o incumprimento do prazo do requirimento non obedeceu a causas non imputables ao empresario.

SEGUNDO.- Acto público de apertura do sobre B ("Referencias técnicas") presentado polos licitadores no procedemento para a contratación da obra "Reforma e acondicionamento da Rúa Laxieles".

Non asiste ao acto público ningún representante dos empresarios licitadores.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello procede a dar conta dos seguintes extremos:

- a) Empresarios que concorreron á licitación: ALCOMTE GALICIA, S.L., CONSTRUCCIONS FERMÍN SIMAL, S.L., CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L., CONSTRUCCIONES RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, S.L., EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., EXCAVACIONES DARÍO, S.L., EXCAVACIONES POSE, S.L., EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L., LIRES CONS, S.L., MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L., MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L., OYS NOROESTE, S.L.U. e PAVIMENTOS NOIA, S.L.
- b) Empresarios excluídos do procedemento e causas da exclusión:
- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.: non subsanar os erros e omisións advertidos no sobre "A" (Documentación) da súa proposición no prazo outorgado pola Mesa de Contratación.

De seguido, procédese á apertura, por orde alfabético, dos "sobres B" ("Referencias técnicas") das proposicións presentadas polos empresarios admitidos na licitación.

Tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA**:

Único.- Remitir as proposicións técnicas (sobre nº 2 - "Criterios de adxudicación avaliábles mediante xuízo de valor") presentadas polos licitadores admitidos ao procedemento, para a súa avaliación polos servizos técnicos municipais conforme aos criterios de adxudicación aplicables detallados no prego de cláusulas administrativas particulares.

Presidente,

D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

D.ª María José Maneiro Quintans.

Vogal,

D. Antonio Romero Ribeiro.

Vogal,

D.ª M.ª Mar Lirola Delgado.

Vogal,

D. José Manuel González García.

Secretaria,

D.ª M.ª Carmen Monzón Rodríguez.